

Nova orde de acreditación da competencia dixital docente

A Consellaría presenta unha Orde de acreditación da competencia dixital aberta á subxectividade e con maior carga de formalismos fronte ao reforzo da docencia

Menos burocracia e máis docencia

Da revisión do conxunto da orde debemos concluír que as administracións educativas prefiren contar cun profesorado cada vez máis cargado de burocracia, con maiores exigencias formais, o que xunto con ratios máis elevadas e sobrecarga de traballo lectivo e de preparación de clases, dificulta non só o traballo diario como docentes senón, no que garda relación cun dos obxectivos da propia acreditación de competencias, coa aplicación das áreas 5 e 6, especificamente vinculadas co estudantado (empoderamento e desenvolvemento da competencia dixital do alumnado).

Unha das cuestións ou dúbidas que non se despexa deste texto é que implicacións vai ter contar cun determinado nivel ou non ter ningún, dado que a acreditación é voluntaria. Non compartimos que poida derivar en preferencias para obter destinos nos concursos de traslados ou de que se aplique con carácter xeral a todo o profesorado sen ter en conta as diferenzas entre perfís profesionais ou etapas educativas. **Sobre este punto, o xefe do Servizo de Programas de Formación limitouse a dicir**

que estas acreditacións terán a repercusión que determinen as distintas administración, ben sexa para prazas ás que se accede mediante concurso ou para o CXT, se así o decide o Ministerio, o que eles verían con bos ollos. Incidiron en que a consecución destes diferentes niveis “ten que servir para algo”.

Por outro lado, xa que a maior parte dos niveis se poden acreditar coa formación, evidénciase a importancia desta e a necesidade cada vez maior de que poida realizarse en horario lectivo ou contando cunha bolsa de horas anuais de permisos para formación. **Non aceptaron esta cuestión e simplemente se cinguiron a dicir que haberá suficiente oferta formativa para conseguir acreditar os niveis pertinentes.**

Entrando no detalle do articulado:

Artigo. 2. Ámbito de aplicación.

A orde está dirixida para profesorado en activo mais nada se di de quen non o está aínda ou quen traballou e está no paro e que poden cursar unha formación do mesmo nivel que o profesorado en activo ou en excedencia. O lóxico é regular que esa formación tamén se lles recoñeza no futuro. Existen casos como o de docentes no

desemprego que teñen realizado formación dixital recoñecida pola propia Consellería (como é o caso da impartida pola CIG-Ensino).

Artigo 3. Requisitos. Tampouco se inclúe ao colectivo anterior.

Artigo 4. Principios xerais.

Entre as modalidades para a acreditación menciónase a a avaliación a través da observación do desempeño ou a análise e validación de evidencias. O texto carece de concreción e nun texto legal non pode quedar lugar para a arbitrariedade de quen “observa” esas “evidencias”. Debe concretarse como se van executar estas modalidades ou en que vai consistir esa “observación” do profesorado no seu traballo diario.

4.5. A orde aséntase ou copia as resolucións do Ministerio tras os acordos da Conferencia Sectorial de Educación sobre a actualización do marco de referencia da competencia dixital docente e sobre a acreditación da CDD. Porén non se atopa nelas a referencia á retroactividade de 5 anos para a validez da formación dixital, cando antes xa se facía formación deste tipo e non perdeu vixencia. Non se menciona este aspecto na Orde pero si que o indicaron [na reunión que mantivemos coa Dirección Xeral.](#)

Neste apartado da orde só consta “terase en conta a información xa rexistrada e validada no rexistro da formación permanente do profesorado”. **A CIG-Ensino solicita que siga sendo válida calquera formación relacionada con esta temática sen data de caducidade.**

- **4.6.** En referencia ás actividades homologadas debería engadir unha alusión ás presentadas con anterioridade a esta orde indicando tamén explicitamente que todas elas, de cumprir coas competencias do MRCDD, serán recoñecidas sen o límite de retroactividade de 5 anos.

- **4.7.** Indica que “a acreditación das áreas no **nivel C** polo desempeño de “roles e postos docentes” será o **que determine a Consellería**. No artigo 9 (cadros de modalidades), nos niveis C menciónanse, por exemplo, as coordinacións TIC ou coordinación de proxectos de formación en centros. Cremos que aquí deberían constar explicitamente outros cargos que existen competencia dixital como a secretaría dun centro ou outras coordinacións e funcións docentes. En todo caso esa determinación por parte da Consellería debe ser contrastada e consensuada previamente con profesionais con experiencia e coas organizacións sindicais. Por outro lado, resulta confuso o texto: “o resto de procedementos sinalados levaranse a cabo mediante as oportunas convocatorias”. En todo caso debería engadir “agás a formación certificada que tamén será de oficio”.

Artigo 5. Convocatorias.

Nas convocatorias de procedementos indicaranse, entre outros aspectos, o “número de prazas ofertadas en cada modalidade”. Non estamos de acordo con que haxa un límite de prazas para acreditar. De haber algunha limitación

pode entenderse nos cursos, non no resto de modalidades. **Insistiron en que teñen que poñer un número de prazas tanto para a oferta formativa como para as probas que se vaian convocar porque “precisan de certa organización”.**

Artigo 6. Comisión de acreditación da CDD. A orde debe recoller a súa composición. Como en todas as comisións que existen demandamos que teña un marcado perfil técnico e que conte con presenza dos sindicatos con representación na mesa sectorial.

Afirman que a comisión de acreditación se regulará en cada convocatoria.

Artigo 8. Modelo de acreditación. Pedimos explicacións da restrición a unha única área do MRCDD no caso do nivel C2.

Tampouco aclararon nada máis que “a acreditación C2 por áreas dependerá da especialización que se teña”.

Artigo 9. Modalidades de acreditación por niveis de competencia dixital docente.

A Consellería debe aclarar se o que fai é copiar o que se indica no acordo da Conferencia Sectorial ou se ten, como parece para o que lle interesa, marxe de adaptación.

A1. 3. En “Títulos oficiais”, exclúen licenciaturas, diplomaturas e o CAP, cando pode haber graos actuais que teñan tan poucos contidos dixitais como as antigas titulacións.

Neste apartado explican que serán as Universidades as que establezan que nivel ou grao terá cada un dos estudos de Grao e Mestrado relacionados directamente coa capacitación

para a profesión docente, polo tanto enténdese que será unha acreditación a futuro.

B1. 1. Na resolución para a certificación da formación esíxese unha duración mínima de 60 horas e nesta orde, 70. A Consellería debe aclarar esta diferenza.

B1. 3. Que quere dicir “será obrigatoria (a avaliación a través da observación do desempeño) no caso de que os certificados de formación non demostren a evidencia da súa posta en práctica”? Como poden demostrar a posta en práctica os certificados de formación?
Non o aclaran.

B2.1. Tamén aumentan 10 horas por riba do texto froito do acordo co Ministerio ata as 80. **Tanto neste apartado como no B1.1 aclarou que esas 10 horas a maiores eran para que se puxera en práctica na aula a formación recibida.**

Este aumento de horas xa aparece recollido en FPROFE. É lamentábel que, malia traer esta orde á Mesa como esiximos, xa apliquen as súas decisións antes de consultar coa representación do profesorado.

Como resumo, consideramos moi ambigua a redacción da orde, moi aberta á subxectividade e á arbitrariedade. Demandamos maior concreción, participación de persoas con experiencia no asesoramento da Consellería e que se conte coa voz do profesorado representado polas organizacións sindicais. Por último, como noutros textos que se nos presentan hoxe na Mesa, debe dársele unha revisión ao texto para facelo en linguaxe inclusiva.